

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o quince de xullo do ano dous mil dezaseis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º), don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, dona Ana M.ª Villarino Pardo, don Manuel Doval Soto e don Pablo Pérez Pérez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

Non asiste á sesión o deputado provincial don Juan Anta Rodríguez, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 1 DE XULLO DE 2016.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día un de xullo de dous mil dezaseis, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2016, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS N.º 77/POS/2016 DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

En relación co acordo plenario de 29 de xaneiro de 2016 de aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016, visto o escrito presentado polo Concello de Ribadavia solicitando o incremento do investimento da obra incluída no plan para a súa execución no respectivo termo municipal e considerando o disposto na base 4ª das reguladoras do dito instrumento (*relativa ás modificacións en obras municipais a tramitar con posterioridade á aprobación definitiva*), a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2016 no relativo ó Concello de Ribadavia, incrementando o orzamento total da obra na cantidade de 7.665,44 euros, con cargo o orzamento municipal. Polo tanto, o orzamento total da obra nº 77/POS/2016, denominada “Ponte romano Francelos, camiño Prexigueiro” é de 60.165,44 euros; 52.500,00 euros, con cargo a achega da Deputación Provincial de Ourense no plan provincial de 2016, e 7.665,44 euros, con cargo o orzamento municipal de Ribadavia.

3.- APROBACIÓN LISTA DE ADHESIÓN Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, EN RÉXIME DE COMPETENCIA DELEGADA, DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS PARA O PERÍODO 2016-2019.-

De acordo co establecido na cláusula 5ª, apartado 2, do Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais para o período 2016-2019, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación aprobarase a lista de adhesións ó convenio marco, a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no BOP. Ó día da data consta a recepción no Rexistro de entrada da Deputación dos seguintes acordos de adhesión:

- Acordo do Pleno ordinario do Concello de Castro Caldelas do 30.05.2016, notificado a esta Deputación o 30.06.2016, no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aproba-la lista de adhesións ó Convenio marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

tributos municipais para o período 2016-2019 ata o 1 de febreiro de 2016, integrada polas seguintes:

- Acordo do Pleno ordinario do Concello de Castro Caldelas do 30.05.2016, notificado a esta Deputación o 30.06.2016, no que delega o exercicio de todas as funcións que integran a Inspección tributaria e para a totalidade dos tributos municipais.

2º.- Ordena-la publicación desta lista de adhesións no BOP, para os efectos previstos no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

4.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BALTAR.- No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente n.º 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor do Concello de Baltar para melloras na piscina municipal e equipamento.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Baltar, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Obxecto: melloras na piscina municipal e equipamento.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BALTAR.- No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 100.000,00 euros, a favor do Concello de Baltar para reparacións de accesos municipais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Baltar, nos seguintes termos:

-Importe: 100.000,00 euros.

-Obxecto: reparacións de accesos municipais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BANDE.- No Pleno con data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 16.400,00 euros, a favor do Concello de Bande para renovación da capa de cobertura da Casa do Concello.

Unha vez vista a solicitude, por importe de 16.357,64 euros, formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Bande, nos seguintes termos:

-Importe: 16.357,64 euros.

-Obxecto: renovación da capa de cobertura da Casa do Concello.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA BOLA.- No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente N° 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 15.000,00 euros, a favor do Concello da Bola para transporte público municipal.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Bola, nos seguintes termos:

-Importe: 15.000,00 euros.

-Obxecto: transporte público municipal.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe subvencionado.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DA BOLA.- No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente N° 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello da Bola para xornadas medioambientais.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello da Bola, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 euros.

-Obxecto: xornadas medioambientais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe subvencionado.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

9.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA DIOCESE DE OURENSE.

- No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente N° 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/789.01, a cantidade de 6.000,00 euros a favor da Diocese de Ourense, para arranxo da cuberta da igrexa parroquial de San Pedro de Fornadeiros no termo municipal de Muíños.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: arranxo da cuberta da igrexa parroquial de San Pedro de Fornadeiros no termo municipal de Muíños

Xustificación a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

10.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA DIOCESE DE OURENSE.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/789.01, a cantidade de 6.000,00 euros a favor da Diocese de Ourense, para arranxo da cuberta da igrexa parroquial de Santa María de Souto de Limia no termo municipal de Muíños.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: arranxo da cuberta da igrexa parroquial de Santa María de Souto de Limia no termo municipal de Muíños

Xustificación a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións,

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

11.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA DIOCESE DE OURENSE.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 336.11/789.01, a cantidade de 6.000,00 euros a favor da Diocese de Ourense, para arranxo da cuberta da igrexa parroquial de Santiago de Couso de Salas no termo municipal de Muíños.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Diocese de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 3.000,00 €.

-Obxecto: arranxo da cuberta da igrexa parroquial de Santiago de Couso de Salas no termo municipal de Muíños

Xustificación a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

12.- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN FERIAS Y EXPOSICIONES DE OURENSE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

No Pleno de data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 48003-43111, a cantidade de 95.000,00 euros a favor da Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense, dos que 70.000 euros corresponden á aportación patronal ao orzamento de 2016, e 25.500 euros para que a dita entidade leve a cabo a realización de varias actividades.

Unha vez visto o convenio de colaboración entre a Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense e a Deputación Provincial de Ourense, para que a Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense realice varias actividades, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** o seguinte:

Primeiro.- Ratificar o convenio de colaboración entre a Fundación Ferias y Exposiciones de Ourense e a Deputación Provincial de Ourense, firmado con data 15 de xuño de 2016, co seguinte detalle por actividades:

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

Actividades	Orzamento
Galisenior 2016	5.000,00 €
Termatalia México 2016	10.000,00 €
Funergal 2016	4.000,00 €
Foro de Comunicación de Galicia 2016	5.000,00 €
Concurso de Proxectos Tecnolóxicos 2016	1.500,00 €
Total	25.500,00 €

Segundo.- A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada de cada unha das actividades que figuran no apartado primeiro e por un importe total de 25.500,00 euros, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente. De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Terceiro.- O prazo de xustificación é ata o día 31 de outubro de 2016.

13.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN CULTURAL PRIVADA PATRONATO OTERO PEDRAIO.- No Pleno

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

de data 25 de setembro de 2015, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2016, e con cargo á aplicación 48903-33420, a cantidade de 30.000,00 euros a favor da Fundación Cultural Privada Patronato Otero Pedraio, para gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2016.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Cultural Privada Patronato Otero Pedraio, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe do 100% da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

14.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DO ORFEÓN UNIÓN ORENSANA.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.20, a cantidade de 6.000,00 euros a favor do Orfeón Unión Orensana, para gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2015.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Orfeón Unión Orensana, nos seguintes termos:

-Importe: 6.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento e mantemento da entidade correspondentes ao ano 2015.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe do 100% da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

-Prazo xustificación: ata o 30 de setembro de 2016.

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PADRENDA.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente N° 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.10 unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Padrenda para traballos medioambientais: acondicionamento e limpeza de marxes i entorno de camiños municipais e prazas públicas do Concello de Padrenda.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Padrenda, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: traballos medioambientais: acondicionamento e limpeza de marxes i entorno de camiños municipais e prazas públicas do Concello de Padrenda.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe subvencionado.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

16.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PONTEDEVA.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 10.280,00 euros, a favor do Concello de Pontedeza para urbanización O Valiño (redacción proxecto de urbanización O Valiño)

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Pontedeza, nos seguintes termos:

-Importe: 10.280,00 euros.

-Obxecto: urbanización O Valiño (redacción proxecto de urbanización O Valiño)

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións,

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de setembro de 2016.

17.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 12.500,00 euros, a favor do Concello de San Cristovo de Cea para actuacións en Oseira: obras de acondicionamento do palco de música e da construción da captación de auga potable en Oseira

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello e, comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de San Cristovo de Cea, nos seguintes termos:

-Importe: 12.500,00 euros.

-Obxecto: actuacións en Oseira: obras de acondicionamento do palco de música e da construción da captación de auga potable en Oseira.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto a actuación subvencionada:

- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de outubro de 2016.

18.- APROBACIÓN DA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DE UNIÓN AGRARIAS – UPA.-

No Pleno con data 29 de xaneiro de 2016 acordouse aprobar o expediente Nº 1/2016 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 241.11/414.11, a cantidade de 1.950,00 euros a favor de Unións Agrarias - UPA, para curso de Manipulador - aplicador de produtos fitosanitarios de nivel básico.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, e comprobado pola Sección de Subvencións, que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a Unións Agrarias - UPA, nos seguintes termos:

-Importe: 1.950,00 €.

-Obxecto: curso de Manipulador - aplicador de produtos fitosanitarios de nivel básico.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa polo importe do 100% da subvención concedida, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 15 de xullo de 2016

gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2016.

19.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

21.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e vinte minutos, do referenciado día un de xullo do ano dous mil dezaseis, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,